

**Marcial
Valladares
Núñez**

**Colección
de
Refráns**

Compilación
e
Edición
de
Xosé A. Fernández Salgado

Colección de Refráns de Marcial Valladares

Compilación e Edición de
Xosé A. Fernández Salgado

A presente edición dixital
enmarcase dentro da iniciativa do
Concello da Estrada
de adicar o 2003 como
Ano Cultural Marcial Valladares.



Concello da Estrada
Concelleria de Cultura

A alforxa do pobre con todo pode.
A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.
A auga todo lava, senón a mala fada.
A baraxa é o libro dos xogadores.
A besta golosa, taleiga d'area.
A bondá destroi a autoridá.
"Ábrete saco: unha maquiá me debes e dúas ch'agarro", dixo un muiñeiro.
A cabra tira ó monte.
A castaña qu'esta no camiño é do veciño.
A caste da horta sal da corte pola porta.
A cocha coas súas serdas vai pra o cubil.
A coda dura o dente aguza.
A confesión do tambor, ausolución de pito.
Á conta de meus compadres, rebandas ós afillados.
A dama ó desdén o galán parece ben.
A deuda e o labor sempre veñen ó peor.
A galiña polo bico pon.
A ganancia vai na compra.
A gando bravo, corda larga.
A mal dar, tomar tabaco.
A mala veciña dá a agulla sin liña.
A mentir logo un deprende.
A mentira d'algo é filla.
A moita manualidá é causa de menosprecio.
A moita terra dá dúas cheas: unha de traballo, outra de miseria.
A mordedura do can cos pelos se cura.
A muller e a cabra, a pata quebrada.
A muller e a ovella con día na cortella.
A muller é a primeira leira que o labrador casado ve pola mañán.
A muller e a sardiña, pequeniña.
A muller é o hoxe honrado, polo camiño do carro.
A muller qu'en alto fia, o fuso lle cai e o cu ll'asubía.
A muller que moi ruín sea, dúas tundas; unha pra que Dios veña a vela; outra, pra qu'a ver a Dios vaia ela.
A muller que non ten home no regazo come.
A necesidá carece de lei.
A nugalla nin come pan, nin dorme na palla, nin viste camisa lavada.
A ovella, polo lombo, lan e, pola barriga, azafrán.
A pobreza n'é deshonra; pobreza é non ter honra.
A porca de maio vale máis no principio que no cabo.
Á porta do rezador, non bóte-lo millo.
A que seus fillos cría boa tea fia.
A quen has de da-la cea, non négue-la merenda.
A quen nada tiña e herdou, boa castaña ll'estalou.
A rapaciño mintreiro non perdóne-las azoutas.
A razón non quer forza.
A Roma por cento, a Roma por cent'e un.
A soberbia esta nos pobres e nos ricos a avaricia.
A sorte do pobre é andar a pedir.
Á vellés veñen todas.
A ver quen leva o gato ó souto.
A vida dos vagamundos é unha vida real: de mozos, polas tabernas; de vellos, no hospital.
A xogueta e a bebedela botan as casas por terra.
Achaque quer a morte e non sabe de que sorte.

Agrade o cocho e non se repare no cocho.
Aguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.
Aire de Calde, nin de balde.
Aire de Lugo, auga no puño.
Algo ten a auga cando a bendicen.
Almorzo cedo, cría carne e sebo.
Altas, ou baixas, en abril son as Páscuas.
Alzar sin vento e parir sin tempo non pode ser.
Ama a túa muller se ques paz na casa ter.
Ama de crego, mula de deño.
Amigo que non dá e coitelo que non corta que se perda pouco importa.
Amigo un, enemigo ningún.
Amigos de taberna, amigos de m.....
Amigos, de lonxe, e contas de preto.
Amiguiño si; pro o porco polo que vale.
Amiguiños seamos e de noso teñamos.
Anada á carreira non se pillá.
Anadiña pouca, anadiña moita, vai chegando unha a outra.
Animal de pico nunca ó home fixo rico.
Ano d'ameixas, ano de queixas.
Ano de laceira, en cada esquina unha panadeira.
Ano de landras, ano de grasas.
Ano de noces, ano de voces.
Ano de vimios, ano de viño.
Ano, en qu'os zrexás non dan froita, ano de fame moita.
Anque a sardiña está no plato, n'é por falta de gato.
Anque son saco, teño baraza.
Ansias alleas matan ós asnos.
Antes sudar que tembrar.
Aresta en pano, dura un ano.
Arreeiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perden do que ganan.
As cerdeiras e os ladrós, anque se prendan non son bos.
As enfermidades entran por libras e saen por adrames.
As moitas paradas fan os días pequenos.
As nove, déitat'home; e, se deitado n'estás ás des, ben burro es.
As Pascuas con quen quixeres e os entroidos coas túas mulleres.
Ás veces, o que parece espello e escaravello.
Asegún me tocan, bailo.
Asegún vires de zrexas no zrexal, así será o anal.
Ast'as tres vai a loita
Asta que t'acabes non te gabes.
Asta sete tira, Pepe. De sete pra riba tira, Pepe, tira.
Auga corrente non mata a xente.
Auga d'outono mata a seu dono.
Auga de tronada, nuns sitios, moita, noutros, nada.
Ave de pluma non deixes ningunha.
Ave que se muda en cada sitio deixa unha pluma.

Bacuriño de celeiro non quere compañeiro.

Beber sin comer é cegar e non ver.

Ben aína quen mal pasa.

Ben mandado, mal mandado, fágas'o que manda o señor amo.

Ben sabe o demo a quen atenta e a besta a quen derruba.

Bendita sea a tallada que trae outra remangada.

Bens de cregos entran pola porta e saen pola ventana.

Bens divididos, bens perdidos.

Besta branca n'a come o lobo.

Besta mular, ou comer, ou andar.

Besta parada non fai xornada.

Besta que xeme á carga non teme.

Bico con bico o primeir'ano de voda; o segundo cu con cu: e o terceiro ¿que trougueche tu?

Boa roupa e boa vida fan a vella garrida.

Boa vida non quer présa.

Bocado comido non fai amigo.

Boi bravo rego largo.

Boi morto vaca é.

Boi vezado volve ó prado.

Bolo do lar, comer e soprar. Por moito que sea, non ha de sobrar.

Bonitura sete faltas disimula.

Brancura sete faldas disimula.

Brenceallo e caiño os pais son do viño.

Brétema no monte, millor que pola mañán e pola noite.

Busca quen execute, pois quen mande non falta.

Cabra coxa non quer sexta e, se a toma e mal lle presta,

Cada país ten seu uso e cada roca seu fuso.

Cada pingota d'auga que nesta ocasión zurpara a terra, tería pra os nosos labregos valor imenso.

Cada pobre, enterra a seu pai como pode.

Cada un cheira, ó que come.

Cada un fala da feira, segundo lle vai nela.

Cada un para si vale por dous.

Cada un pra si e Dios pra todos.

Cada un rasca onde lle proi.

Cal de verzas, cal de papas, ataquémo-las barazas.

Cal nas uñas, cal nos pés, has de tirar a quen es.

Caldo sin grasa, pan sin tasa.

Camisa fóra, Xan da Biola, camisa dentro, Xan do convento. Faldras fóra, busca nora; faldras dentro, busca xenro.

Can que moito lambe, tira sangue.

Cand'a resta fai tris-tras, busca muller que a terás.

Cand'a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar.

Cand'un morre, había de nacer.

Cando a carballeira canta, gusta ben a manta.

Cando as ramas cantan en xaneiro, señal de fame en todo o eido.

Cando chove e fai luna, anda o demo n'a Coruña.

Cando Dios non quere, os santos non valen.

Cando Dios quer dá-la anada, n'a leva vento, nin xiada.

Cando eu quero, non queren elas; e, cando elas queren, teño outras ideas.
Cando na ribeira neva, ¿que fará na serra?
Cando no castiñeiro vires candeia, leva ó carneiro a ovella.
Cando non fai vento, non fai mal tempo.
Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.
Cando o diñeiro fala, todos calan.
Cando o lobo mata, mata pra todos.
Cando o Pico Sagro pon capelo, rapazas da Ulla, cubrid'o mantelo.
Cando o sábado chove e o domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa.
Cando o vello incha, logo rincha.
Cando Pico Sagro pon touca, auga temos moita, ou pouca.
Cando un burro ornea, outro escoita.
Cando vaias a Ferreira, leva o pan na faltriqueira i-o coitelo, pra o cortar, qu'en Ferreira non cho han dar.
Cando vén o cuco, vén o pan ó suco.
Canta mais présa, mais vagar.
Canto máis caldo, máis sopas.
Canto máis dan ó tolo, máis quere, ou máis tolo o fan.
Canto máis un anda no monte, máis espiñas colle.
Canto menos vulto, máis craridá.
Cantos días pasen de xaneiro, tantos ollos perde o alleiro.
Carga larga, man na illarga. Ó cabo do ano nin besta nin carga.
Caridá, sin vanidá.
Caro costa o que ben sabe.
Carro derradeiro, ou moi cargado ou ben baleiro.
Casa grande, pouca limosna.
Casamentos con foguetes acaban con cachetes.
Casamentos por amores acaban en dolores.
Casamos unha filla en Lemos. Diabolo tiñamos e diabolo trouxemos.
Casar e morrer, unha ves.
Casar, a gusto; vestir, a uso.
Casáram'eu, por andar regalada, e traza lle vexo d'andar com'andaba.
Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, leve o demo que nin un bocado.
Casou Inés co vello Cristovo, por s'este caldeiro daba pra un novo.
Caves ben, caves mal, cava ben no carreiral.
Cebada do día non fai andar caballería.
Chámall'ó gancho cousa torta.
Chegar e encher non pode ser.
Chufas e peidos non custan diñeiros.
Chuvia en marzo nin o mexo dun rato.
Chuvia en San Xuan, tolle viño e non dá pan.
Chuvia na semana da Ascensión cría cos trigos mourón; pro é un regalo S. Pedro co seu xerro, S. Cristovo co seu covo, Santa Mariña coa súa regazadiña, Santiago co seu canado, S. Lourenzo co seu caldeiro penzo, Nosa Señora coa súa ola, é San Miguel co seu tonel.
Chuvia na semana da Ascensión, nin boa faba nin bo melón.
Coas castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño.
Cobras en marzo, neve en abril.
Coida o ladrón que todos son da súa condición.
Colleita mollada, é media anada.
Come máis un día de sol en febreiro, que cantos cabalos ten o reino.
Comer ast'enfermar e gardar dieta hasta sanar.
Comer ben e traballar millor.
Comer e sorber non pode ser.
Comer pouco e rabo enxoiito.

Comerciante e porco despois de morto.
Comíchem'a carne, rôem'os ósos.
Comida feita, compañía desfeita.
Compañía coa muller.
Compra que vendas.
Con abono e rega n'hai mala terra.
Conséllate con quen sepa e, se ques acertar, acertas.
Contas da casa non din coas da plaza.
Contas feitas son medias pagas.
Contos da feira que van pra o mercado.
Corazón forte a seu dono leva á morte.
Crego feito muller é.
Crego moi predicadeiro, nin por eso máis limosneiro.
Criado dun día, caseiro dun ano.

D 'amigo a amigo carto no bolsillo.

D'home coxo e can rabelo, fuxir coma do deño.
D'inverno, ferreiro e, de vran, taberneiro.
Dá Dio-las nocas a quen non ten dentes.
Da rapa á rebola veña o demo e escolla.
Dáme pan e chámame can.
Damo cando quixeres e, despois do caldo, non mo negues.
De boa nai busca a filla, e de boa cepa pranta a vide.
De Dios abaixo, cada un vive do seu traballo.
De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.
De mañán á mañán perde o carnicero a lan.
De marco a marco non hai arco.
De noite tódolos gatos son pardos.
De pequeniño verás que boi terás.
De quen non se pensaba gran pedrada.
De ruín madeira, nunca boa astela.
De S. Miguel a S. Miguel deitarse cedo e deixar muller.
De San Pedro a San Miguel, nin rosario, nin muller.
De taberneiro a ladrón media solo un escalón.
Debaixo do pau están as achas.
Decrúame tarde, arréndame cedo e pagareich'o que debo, dixo na terra o millo.
Deitarse e non dormir, esperar a quen chega e sin galardón servir, cousas son desesperadas, en que non debes caír.
Despois de tocar aleluia, o que teña que a sacuda.
Desqu'o mes medea, ó qu'entra semella.
Desqu'un almorza e xanta xa n'é a fame tanta.
Desque chega o cuco, logo vén o pan ó suco.
Desque se pon o sol pouco día queda.
Desque un mes media a outro asomella.
Desque vén o cuco, fora pulpo.
Día d'antróido e día de Pascua cada larpeiro na súa casa.
Día de Santa Inés chuvia unha sola vez.
Diablos comprar e diablos vender.
Digoch'o filla, entendem'o nóra, ou digoch'o sogra, enténdem'o nora.

Dios apreta, pro non afoga.
Dios sobre todo e sobre Dios nada.
Dios te leve antes que neve.
Dixo no monte unha vella: "Vaite febreiriño corto, cos teus días vint'e oito, si tuveras máis catro, non quedaba can, nin gato. Febreiro constestou moito: "Os teus becerraños oito, deixa que meu irmán marzo hach'os de volver en catro."
Dixo o viño: "No corpo do home son valente e voante". E dixo o pan: "S'eu vou diante."
Do caro, pouco e, do barato, o que se poida.
Do dito ó feito vai un gran pleito.
Do monte sal o qu'o monte queira.
Do qu'é tonto e non sabe, teña Dios piedade.
Do que non entendas non fales, que vale mais non decir nada que decir barbaridades.
Do que non sepas non fales, qu'é millor non dicir nada que dicir barbaridades.
Dos escarmentados saen os avisados.
Dous Xans e un Pedro fan esta-lo burro quedo.
Dure a mala veciña o que é neve febreiriña.

En agosto sol posto, noite connosco.
En cama molida non se goberna a vida.
En casa chea logo se fai a cea.
En comprar e vender n'hai amigos.
En coxeira de can e bagoas de muller n'hai que crear.
En Deza, nin boa besta nin boa peza.
En febreiro mete obreiro.
En xaneiro, sete lobos polo carreiro.
En Lugo, nin boa besta nin bo burro.
En maio inda a vella queima o tallo.
En maio, millo sementado, cal enxoito, cal mollado.
En pan incertado corta quen quere.
En San Xuan x'o carneiro guinda a lan.
En tempo de guerra n'hai carta en favor.
En toda terra espiga o pan.
En todo tratar é pan labrar.
En xaneiro verza vella val carneiro.
En xaneiro pon o alleiro.
En xaneiro tira o cepo de xunt'a ti e pono diante d'o compañeiro.
Enterro sin choros e romaría sin gaita non ten gracia.
Entr'o millo novo i-o vello, fame do deño.
Entre fidalgos, roupa rachada máis ben que remendada.
Entre marzo e abril, o cuco, ou a fin.
Entrecostos e soás, honra de mesas, proveito de cás
Enxámeo pobre no inverno nace e en maio morre.
Escribanos e ameixeiras librem'os Dios das miñas leiras.
¿Estadísticos? en terra allea, que o que millor se confesa, maior penitencia leva.
Este mundo é un bandallo; chove nel como fóra.
Esterca e non poñas marcos.
Esterco de charamela, todo é candela.
Esterco de feito grau polo peito.
Esterco de folla grau pola trola.
Esterco de palla, grau pola barba.

Esterco de silva, grau pola crisma.
Esterco de xesta, grau pola testa.
Estudiante de cama e sol, non val a atume dun fol.
Estudiante de cama i-estudiante de sol non valen un caracol.
Estudiante do pío-pío, mexa na cama e morre de frío.

Facenda de crego dáa Dios e lévaa o demo.
Fágas'o ben e fágao Xan ou Miguel.
Fai ben e non mires a quen.
Fai o qu'o crego dixere e non faga-lo qu'el fixere.
Fai o que che digo e non faga-lo qu'eu fago.
Faill'a casa ó vinculeiro onde non dea o sol en xaneiro.
Fala e pedra solta non ten volta.
Fame qu'esperta fartura n'é fame.
Fampa na plaza e fame na casa.
Fariña do diablo todo se volve salvado.
Fariña viva puxa polo dono arriba.
Fártas'un de comer e de beber e non se farta de saber.
Fártase primeiro o papo que o ollo.
Festa dun día n'acaba unha casa e, s'é de máis, acabará quezais.
Fiadeira, ¿que fiache? ¿Pronde fuche, pronde andache qu'en marzo non blanqueache?
Fianza, en Dios qu'é santo vello.
Fidalgo pobre no palleiro morre.
Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras.
Fillo de comerciante, paseante e o do paseante, confiscante.
Fillo fuche, pai serás, cal fixeres, toparás.
Fol mollado masa leva.
Forza de mozos e consello de vellos.
Frol axada, despreciada.
Froles en outono, fanse en ano novo.
Fun a casa allea e avergonceime; vin á miña e remedieime.
Furto xeitoso fai o home ladrón.

Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo deixa.
Gallego con mando, catalán con bota, e andalús con diñeiro, tirem'os Dios do quinteiro.
Gando blanco, nin no pasto, nin no banco.
Gando gordo volve a seu dono tolo.
Gardar que comer e non que facer.
Grande é o demo e n'hai quen o queira.
Grau, debaixo do terrón, grau morto, e, debaixo da pedra, torto.

Hai mais no pote que verzas.
Hainas coma mantas, solo que non son tan anchas.
Herdeiro de crego, libertino cego.

Hoxe, por uns; mañán, por outros.
Home dereito, parés mal feito.
Home lascivo, home perdido.
Home mullereiro, consigo acaba e co seu diñeiro.
Home pequeno, fol de veneno.
Home que, ó levantarse di jopa! e, ó sentarse ¡ai!, non serve pra filla do meu pai.
Home ruadeiro, nin boa meda, nin bo palleiro.
Home sentado, non fai mandado.
Home tramposo e muller minteira, na casa de quen os queira.
Honra e proveito non cabe nun xeito.
Horta d'outono, mantén a seu dono.
Horta de Samartiño mantén o seu dono e o viciño.
Hoxe todo vai pola nova: s'é bo, mañán o dirá quen poida.

Ir á corte e mata-las todas.
Ir por besta e volver por burro.
Irs'o comido polo servido.

Labor feito nada pide ó por facer.
Labra ben e fondo e collerás pan abondo.
Labra feita, bois ó monte.
Labrador cazador, coellos na despensa e fame no comedor.
Labrador chalán non colle viño, nin pan.
Labradores novos, mal polos comareiros.
Lacós, cacholas e soás, honra da mesa e porveito de cás.
Largo de vaos e curto de maos, bon de convidar e malo de fartar.
"Lavada. ¡Os tres días nada!", díxoll'o millo á liñaza. E contestou ela: "Nugallanzón. ¡Un mes baix'o terrón e inda se vou se non vou!".
Lava mal e torce ben, polo inverno. Lava ben e torce mal, polo vran.
Leña d'ameneiro arde no regueiro.
Leña verde e xente moza todo é fume.
Liño d'Holanda pesa e non anda.
Lonxe da vista, lonxe do corazón.
Lume xunt'a estopa, vén o demo e sopla.
Lunes e martes lava a curiosa, miércoles e jueves a envidiosa, sábado a priguizosa.
Lus e crus, diante.

Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro n'os queiras por ningún diñeiro.
Madeira de serra e pan de cazola nunca sobra.
Madeira serrada, prata labrada.
Maio chuvioso, vran caloroso.
Máis moscas xunta entena de mel que ola de vinagre.
Máis s'engañan que os que beben.
Máis vale entrar pobre no ceo que rico no inferno.

Máis vale tunda de pai que cariño de amo.
Mal anda o paxariño qu'anda nas maus do meniño.
Mal de moitos, consolo de bobos.
Mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos.
Mal sono dorme quen veneno colle.
Malia o dente que come a semente.
Malia o rato que non sabe máis dun burato.
Malla sin medo, s'ó capelo do Pico vai para Lestedo; pero con ánsea, se vai pr'a Granxa.
Mans, que non dades, ¿que buscades?
Médico vello e avogado novo.
Memento mei Deus quia ventus est, dácam'os cartos e toma os papés.
Méntra-lo pau vai e vén, descansa o lobo.
Méntra-lo prado enverdece, o boi parece.
Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta viño.
Mentras capo n'asubío.
Mentras estou coa nai n'estou coa filla.
Mentras tempo non vén, sazón pasa.
Meu cariño novo, ¿quen te fai vello? Catro meses de vran e oito d'inverno.
Millo barato en maio, caro en agosto.
Millo raro enche carro; millo mecho, nin carro, nin cesto.
Miña cousiña nova, tres días no pereiriño.
Miña roupiña nova tres días na trandeira e despois na borralleira.
Miña Virxen de quen ten, teña eu máis que ninguén.
Misa nova crego vello.
Moitas paradas fan os días pequenos.
Moitas veces fala un porque ten lingua.
Moitas veces onde se pensa qu'hai touciños n'hai corres.
Moito e ben n'o fai ninguén.
Mordedura d'alacrán, busca viño, busca pan, que mañán t'enterraran.
Mordedura d'alacrán, grau ó muiño e cocer pan.
Morra Marta e morra farta.
Morte duns vida doutros.
Morto o can, morta a rabia.
Moscatel non vai ó pichel.
Moza a novia e vello o novio, casamento de corno; vello el e vella ela, casamento de m....
Moza de Deza e vaca da Ulla, de cent'unha.
Moza pobre e ben vistida! Mal me cheira a chamusquina.
Moza, qu'a moitos fai cara, digoche, Xan, qu'é unha maula.
Moza, que moito s'arrisca, ou quer novio, ou quer trisca.
Muiño parado non gana maquia.
Muiños d'herdeiros e bens de menores son os piores.
Muller de cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.
Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.
Muller que fala latín e besta que fai hin, nunca terán bo fin.
Muller que silba e fia de pé, nunca boa é.
Muller, que co marido non come á mesa, algo pra si garda na artesa.
Muller, que moito fala, ó millor desbarra.
Mulleres e mulas hai poucas sin zuna.

N' é o qu'a lúa pinta, qu'é o que Dios dita.
N'hai amor firme com'o primeiro, nin lúa clara com'a de xaneiro.
N'hai atallo sin traballo, nin rodeo sin recreo.
N'hai branca sin tacha, nin morena sin gracia.
N'hai voda pobre, nin mortuorio rico.
N'hai carne sin óso.
N'hai feira mala, o que un perde outro gana.
N'hai feita sin desfeita.
N'hai ladrón sin alcagüete.
N'hai macho sin femia.
N'hai pega sin mancha negra.
N'hai pior cuña qu'a do mesmo pau.
N'hai pior duro que o desnudo.
N'hai pior xordo que o que non quere oír.
N'hai plazo serodio.
N'hai sábado sin sol, nin romeiro sin frol, nin dama sin amor.
N'hai santo sin outava.
N'hai soberbia que non caia.
N'hai tolo sin idea.
Na casa de Miguel a muller é el.
Na casa do bo amo alí morre o bo criado.
Na casa do cura, cando non chove, barruza.
Na casa do ferreiro de pau o coitelo.
Na casa do ferreiro non tentar e na botica non probar.
Na casa do rico, que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña. Na casa do pobre, que dá do que ten, puntada corta e asegurar ben.
Na hucha aberta o xusto peca.
Na miña terra, meu haber m'honra; na terra de fóra, a roupa m'abona.
Na moxedá e roupa rachada todo engarra.
Na semana da Ascensión tres días carne e tres días non.
Na terra allea as vacas escornan ós bois.
Na terra dos lobos ouvear coma eles.
Nabos e fidalgos, raros.
Nadie as faga, que tarde ou cedo, todas se pagan.
Nadie diga: "desta auga non beberei."
Nadie naceu deprendido.
Nadie vai ó río que non se molle.
Naide turra do rabo do poltro coma seu dono.
Nena, que de si non torna, é porta sin tarabelo.
Neno d'a ano vara de pano
Neno mimadiño, neno perdidino.
Neve febreiriña pícaa a galiña.
Nin besta de moita herba, nin home de moita verba.
Nin de vello, nin de neno, non te sentes no penedo.
Nin polo bo tempo t'agaches, nin polo malo te mates.
Nin polo inverno déixe-la capa, nin polo vrau a alparagata.
Niño feito, pega morta
No mes de xaneiro súbete ó outeiro: se ve-los teus campos verdexar, pont'a chorar e, se terrexar, pont'a cantar.
No tempo da grada o dono a trague.

No tempo e na morte n'hai fianza.
Non digas mal de nadie e non t'engañarás; pensa mal de todos e sobre ti estarás.
Non morra máis xente, que morreu bastante o ano da peste.
Non peca de gula quen nunca tuvo fartura.
Non pudo dar na berta e dou na albarda.
Non s'engaña quen non conta.
Non sabe o qu'é unha hora millorada a muller que non pareu.
Non sabe o raposo cantas galiñas dormen fóra.
Non sabe un onde a ten.
Non saben o que perden os que non saben de nós.
Non se sabe o que pesa a carne en canto n'ó di a romana.
Non sea tanto tirar que parta a corda.
Non sempr'o alcacén está pra gaitas.
Non sirvas a quen sirveu, nin pidas a quen pideu.
Non todo o que reloce é ouro.
Non todo o que se di se fai, nin todo o que se fai se di.
Non tódolos días é martes d'entroido.
Non tódolos que dan son bos.
Non tomes por dona muller replicona.
Norte oscuro, vendaval seguro.
Nos enterros os achegados, e nas honras os convidados.
Nubes á montaña, vellas á borralla; nubes á ribeira vellas a raxeira.
Nunca chove como trona.
Nunca choveu que non escampase.
Nunca faltou casa pra vivo, nin sepultura pra morto.
Nunca faltou fouciño pra o meu Martiño.
Nunca faltou tolo pra tola, nin tapón pra ola.
Nunca faltou Xan pra Sabela.
Nunca meiga morreu que non deixase outra enseñada.
Nunca moito erra quen os seus semella.

O arado rabudo e o labrador barbudo.

O barato de balde é caro.
O barato saca o carto do farrapo.
O ben feito ben parece, e o que fai algo merece.
O bo pleiteante, dixo Tomé, boca cerrada bolsa aberta e listo do pé.
O boi pola corda, e o home pola palabra.
O borracho logo solta o que ten no papo.
O borracho logo solta pola palabra.
O caldeiro, no lameiro, e o pote, no fumeiro.
O caldo das paridas non fai mal ás preñadas.
O caldo, a gusto do enfermo.
O can de Xan Torrado canto fai coa man desfai co rabo.
O cariño dos moitos anda ós poucos.
O carto do miserable tres veces vai á plaza.
O casado, casado sempre.
O castiñeiro na man ó burato e o carballo, no carro.
O centeo, basto na hucha e non no terreo.
O cocho n'ó agosto pon o entrecosto.

O crego e maillo zorro, se perden a mañán perden o día todo.
O crego, onde canta, alí xanta.
O criado mal mandado, poñe-la mesa e mandalo a algún recado.
O demo pr'as facer, pon unha manta, e pr'as descubrir, toca unha gaita.
O entroido, coas súas artes, botou a San Matias fóra do martes.
O fiado leva a mitá do clavo.
O fillo do can ha de roe-lo óso.
O home de ben non deshonra a ninguén.
O home ó sábado e o boi ó lunes.
O home, onde nace; e o boi, onde paze.
O inverno come e non cría.
O lume é media mantenza e, sobre cea, mantenza enteira.
O lume é o capón do pobre.
O mal do pai co fillo vai.
O medo garda a viña e non quen a vendima.
O mentir n'é habilidá.
O millo polo San Marco nin nado, nin no saco.
O millo rascado enche a cesta e o ferrado.
O moito falar é vicio.
O mozo pode morrer, pero o vello non pode vivir.
O muiño i-o castelo, o que o quixer, véleo.
O ovo e a abelán, conforme veñen van.
O ovo sin sal set'anos fai mal.
O pan e a pedra no camiño medran.
O pan non ten vixilia.
O papel rexe todo.
O paxaro na devesa un o axexa e outro o pesca.
O pesar todo é sede.
O pobre todo é trazas e o rico, todo trampas.
Ó porco gordo untarl' o rabo.
O qu'á cerdeira non sobe, malas zreixas come; se sobe e cai, peor lle vai.
O qu'a solas fas na casa poidan todos ver na plaza.
O qu'agarda polo que vén de fóra, agarda polo que vén tarde é sin hora.
O qu'é bo pra o figado é malo pra o bazo.
O qu'é burro, tan burro é aquí, coma en Lugo.
O qu'en agosto e setembro non dá cebada, en San Xuan non fai xornada.
O qu'en maio se molla; en maio s' enxuga.
O qu'está de Dios, n'o leva o demo.
O qu'ós vint'anos non é home, ós trinta non ten forza, ós corenta non é rico e ós cincuenta non casou, este paxaro voou.
O que baila sin tanguer, ou é tolo, ou quere ser.
O que bailador foi de mozo, de vello inda vai á rúa.
O que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará diñeiro ou sempr'andaré descalzo.
O que come cabirto e cabra non ten, d'algures lle vén.
O que come pola man d'outro, come moito e engorda pouco.
O que compra con diñeiro que n'é seu non diga que compra, senón que vendeu.
O que con Dios anda, con Dios medra.
O que con rapaces se deita, luxado se levanta.
O que consigo se consella, consigo se depena.
O que contas non bota, contas n'atopa.
O que de mozo non tolea, de vello perde a cabeza.
Ó que de vran non lle ferve a mola, d'inverno non lle ferve a ola.
O que debía e pagou, tiña dolor e sanou.

O que do alleo come, do seu gasta.
O que longo quer casar, maula leva, ou vai buscar.
O que mata é o escrúpulo.
O que medo garda a viña e non quen a vindima.
O que moito quere agarrar, pouco lle dan a apreixar.
O que morre por seu gusto, a mesma morte lle sabe.
O que n'a súa casa come morriña, na allea quere carneiro e galiña.
O que n'é home na terra, n'é home na guerra.
O que neste mundo fai mofa, no outro, foza.
O que neste mundo fai risa, noutro toca a chifra.
O que non cai á maza, cai á espadela.
O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.
O que non garda non ten.
O que non mata engorda.
O que non s'arresga, non pasa o mar.
O que non se farta comendo, tampouco se farta lambendo.
O que non sinte a palabra, non sinte a pancada.
O que non sucede nun ano sucede nun día.
O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois.
O que non ten fariña escusa peneira.
O que non ten maña, non come castaña.
O que non ten que facer, seus nabos sacha, ou sacha os nabos antes de nacer.
O que non ten senón unha sortella, non sabe en que dedo a poña.
O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra ves.
O que paga criados e n'os vai ver, venda o que ten pra os manter.
O que perde o burro e topa a albarda, xa non sofre perda tanta.
O que poda por marzo, vindima no regazo.
O que por feita cria, sempre ten alegría.
O que promete e non dá é cocho pola soá.
O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña
O que queira comer patacas en San Xuan, bóteas canda o pan.
O que queira te-la fortuna torta, machee a vaca e femee a porca.
O que queira ter a muller boa delle cervoa.
O que queira ter fillos larpeiros, destíneos a cregos ou gaiteiros.
O que queira tomar vinganza de seu veciño, pónall'a vida en diñeiro e en pan cocido.
"O que sea meu amigo verdadeiro, véñam'a ver o vinte de xaneiro", dixo o santo de Pico Sagro.
O que s'escribe, lese.
O que s'usa non s'escusa.
O que se levanta cedo, repara o seu e mailo alleo.
O que se levanta tarde, nin oi misa, nin come carne.
O que se pica, allos come.
O que sementa colle.
O que sementa sin semente, sega sin fouciño.
O que seu can quer matar, Arrabia lle pon por nome.
O que serve a señores, serve a dolores.
O que serve ó común, non serve a ningún.
O que ten avea non pasa sin cea.
O que ten besta e anda a pé mais besta el é.
O que ten besta soña na albarda.
O que ten capa escapa, e o que n'a ten escapa tamén.
O que ten de cegar, polos ollos ll'ha de dar.
O que ten fillos non lle podrece o pan.
O que ten fillos non rebenta de cheo.

O que ten fillos non toupa.
O que ten moitas mulleres nunca enviúda.
Ó que ten pan e touciño déalle Dios moita herba entr'o millo.
O que ten tenda quer que lla atenda, e se non que a venda.
O que tropeza e non cai, máis adiante un paso vai.
O que un non quere outro apetece.
O que vai a avogado nunca vén desconsolado.
O que vén dado, nin é pouco nin é malo.
O que veña atrás qu'arree.
O rapás que n'a aprende a doutrina, pau de carballo ó redor da petrina.
O regalo do pobre é un cigarro despois que come.
O Ribeiro é o inferno das bestas, e o purgatorio dos cans.
Ó rico non debas e ó probe, n'ofrezas.
O rosario non priva a misa.
O roubado non loce.
O roubado ollece e non frolece.
Ó subi-lo esqueiro, fóiseme o tempereiro.
O tempero vai n'a man.
O tempo fai culleres.
O traballo dos rapaces é pouco e quen o perde moi louco.
O traballo non mata, pero amata.
O vello mente ben na súa terra: o mozo, na allea, mente que rabea.
O viño barato saca o carto do farrapo.
O viño con pasión tira esta do corazón.
O viño con pasión tira esta do farrapo.
O viño é a sangue dos vellos.
O viño fai ó vello mociño.
Obra feita, obreiros á m....
Obras, das sobras.
Ofrezer e non dar ós tolos fai alegrar.
Oír campanas e non saber ónde.
Ollo, de xastre, e compás, de carpinteiro.
Ond'el non tire viño, escusan d'ir outros por auga.
Ond'hai cartas calan barbas.
Ond'hai cepos, logo un fai achas.
Ond'hai crego, ou albarda, sempre hai hora millorada.
Ond'hai galo non canta galiña, se non que o galo teña morriña.
Ond'hai ouro logo reloce.
Ond'un ha d'ir, n'ha de mentir.
Ond'un non corre, non cansa.
Ond'unha porta se cerra, outra se abre.
Onde cabe un carro cargado, ben cabe un home a seu cabo.
Onde canta un crego, moe un muiño e ornea un burro, nunca falta un peso duro.
Onde menos se pensa salta a lebre.
Onde moitos cospen, lama fan.
Onde n'hai fariña, nin relón, todos falan sin razón.
Onde n'hai malicia, n'hai pecado.
Onde n'hai morte, n'hai mala sorte.
Onde non se perde algo todo é miseria.
Onde non te chamen non te metas.
Onde non ves lobo, cata lobo.
Onde non vexas corpo, non botes carga.
Onde pérda-la capa, alí cata.

Onde sacan e non pón, logo se chega ó fondón.
Onde se pensa qu'hai touciños, n'hai corres.
Onde vai a fouce, vaia o mango.
¿Onde vas Clemente? -Vou coa xente.
¿Onde vas tolo? -Onde van todos.
Onde vexas orella, mete cebada, e onde non vexas corpo, non poñas carga.
Onde vires bulla, escápate, se non ques ser testigo nin parte.
Os cartos cóllens'unha ves, e antes cóntanse tres.
Os moitos fillos empobrecen ós pais.
Os rapaces non son homes.
Os traballos dos casados son traballos honrados.
Ós vellos quitaselles o durmir i -éntralles o gruñir.
Ou a Dios ou demo, ninguén deixa de servir, sint'os que sirven a entrambos.
Ouzo, padre, as miñas coitas, que non son poucas, nin moitas.
Ovella melende, melenta ou menga, o demo a trasquila.
Ovella que bala bocado que perde.

Padornelo con capelo, sardiña no garabelo.

"Palabra", díxoll'o lobo á cabra.
Palabra e pedra solta non ten volta.
Palabra por decir non ten chata
Pallas mortas n'alumean.
Palleiro sin palla non se fai.
Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano, manteñen ó home sano.
Pan de literatura, pan de pouca fartura.
Pano gordo non garda puntada.
Papas e casamento en quente.
Papas e pan unha casa desfán: papas e bolo desfana de todo.
Para a misa e para o souto, n'hai qu'esperar un por outro.
Para muller parida e tea urdida nunca faltou remedio.
Para o ruín carpinteiro, ningunha ferramenta é boa.
Para pan, carne e viño, o Carballiño.
Parceirías, coa muller e ind'asi hai que se ver.
Pascua en Marzo, ou fame ou mortazo.
Pascuas molladas, moitas dobradas. Pascuas enxoitas, nin moitas, nin poucas.
Pasou o santo, pasou a romaría.
Pensa máis moxena, que feixe de leña.
Pensa moito e fala pouco.
Perdonar, que s'houbou descortesía, culpa foi do bico d'abaixo e d'arriba.
Pleito de pobre, na proba morre.
Pobre do pobre, que todo o mundo o mole.
Pobre, a festa convidado, tira a barriga de mal ano.
"¡Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes", dixo o raposo ás galiñas.
Poda en marzo, vendima no regazo,
Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.
"Pódeme quen sepa e áteme calquera", dixo a viña ó labrador.
Pola Candelaria cásans'os paxariños e vais'a galiñola.
Pola Candeloria mitá do inverno fóra; se chove, ou venta, inda entra.
Pola liña vén a tiña.

Pola santa báixas'a peana.
"Pola Santa Mariña, báixam'a porreña", dixo a cebola.
Pola Santa Mariña deixa a sacha e colle a fouciña.
Pola Santa Mariña, vai ás túas viñas, e cal as cates, tal as vendimas.
Pola sona buscas'a persona.
Polo que garde no meu peito non teño pleito.
Polo rabo da culler vai o gato á ola.
Polo San Antón, toda galiña pon; pola Candelaria, a boa e mala.
Polo San Estevo rapa o becerro.
Polo San Pedro burro quedo.
Polo San Simón apreta o baldón.
Polos Santos béixans'as pedras; por causa das mozas, ouséquians'as vellas.
Polvo en abril, lama en agosto.
Por ben facer, mal haber.
Por campar, rabiar.
Por mal e pobre qu'esteas, taberneira nunca seas.
Por Pascua de Resurrección tres cousas non ten sazón; sardiñas saladas, castañas asadas e predicación.
Por un puñado de faríña non queden as papas raras.
Por unha vella que morreu todo o ano pestilencia.
Potro, de potrela; becerro, de vaca vella.
Pouca terra ben abonada, vala moita mal traballada.
Poucas son as malas fadas, oito meses e tres semanas.
Pouco aceite dan por un carto.
Pr'abaixo tódolos santos axudan.
Pra a misa e pra o soute, n'hai que esperar un por outro.
Pra a un enterro non faltar, sete leguas rodear.
Pra comer, non m'hei d'esconder; pra traballar, non m'han d'atopar; mais, pra contar fóra o que pase aquí, eso si.
Pra entender de presos, carceleiros vellos.
Pra muller parida e tea urdida, non falta a gracia de Dios.
Pra o pan formar, quer o boi trembar.
Pra o pobre sempre é noite.
Pra saber, andar polo mundo ou libros ler.
Pra un ir a menos non se percisan empeños.
Predícame, frade; por unha orella m'entra e por outra me sale.
Prenda de gallego diñeiro vale.
Primeiro caí un mentiroso que un coxo.
¿Pronde fuche, cristiano; pronde fuche, prond'andache, qu'ás tres misas de nadal non chegache?

Que o home se poida ver, coma nos cristás da fonte, nos ollos da súa muller.

Que seas canteiriño, que non, as pedriñas de tizón.
Queixas'un das que ten e non sabe as que lle vén.
Quen á feira chega cedo vende o seu e maillo alleo.
Quen á súa filla quixer casar, dell'o contofollas a lavar.
Quen aínda por San Xuan, ou é tolo ou non ten pan.
Quen ben ata ben desata.
Quen cata o mel na colmea aguante a picadura da abella.
Quen che mandou cantar, meu frade, quen che mandou cantar, que che pague.
Quen comeu a carne que roa o óso.
Quen con augas se cura, pouco dura.
Quen con moitos se consella, fai o que non debe, ou cerdea.

Quen con pólvora s'adivirte, no corpo o sinte.
Quen de Dios está qu'ha de ser pobre, nunca rico morre.
Quen de todo se admira, ou é parvo, ou se fai el.
Quen dixo pan dixo trigo.
Quen erra e s'emenda, a Dios s'ecomenda.
Quen fixo o cesto que lle poña o aro.
Quen máis mira menos ve.
Quen mal decrúa, na arrenda o súa.
Quen manda, roga.
Quen merca ruín pano, merca dúas veces no ano.
Quen millor cós empregados se confesa, maior penitencia leva.
Quen moito corre, logo para.
Quen non goberna a leña, non goberna cousa que teña.
Quen non ten máis que unha filla non pode ter máis dun xenro.
Quen non ten rabo de palla, non ten medo ó lume.
Quen o adiante non mira, atrás se queda.
Quen o pouco desprezia, menos merece.
Quen ó sementar é mesquiño, pra a seitura escusa fouciño.
Quen o seu mal teña por moito cóntello a outro.
Quen os lóstregos non teme, a Dios ofende.
Quen ós paxaros recea, millo miúdo non semea.
Quen os seus desagarima, ós alleos nada pida.
Quen padeza das moas, qu'acuda á dentuza.
Quen parece que non tripa as herbas, pronde vai, tólleas.
Quen pareu, que arrole e, senón, pasar sin home.
Quen quere a Beltrán, quere ó seu can.
Quen rega o millo antes de ter pavón, non colleita graus d'estimación.
Quen rouba a un ladrón gaña cen anos de perdón.
Quen se laia e non come, nin sonea, logo dá os fíos á tea.
Quen seus criados non vai a ver, venda o que ten pra os manter.
¿Quen te fai rico? -Quen che fai o pico.
Quen vai a pedir non vai a fuxir.
Quen vai en carro, nin vai a pé nin vai a cabalo.
Quen vive de recordos, vive entre mortos.

Regalo de monxa ferrado de trigo.

Regalo de pobre, a pretensión ole.

Rei é quen Rei non ve.

Renego da grade que leva os terróns todos.

Roibéns ó mar, vellas ó sollar.

Roupa lavada polo sol agarda.

Rubiás ó sol nado, pigoreiro, andarás mollado. Rubiás ó sol pósto, pigoreiro, andarás enxoito.

Ruín cadela, roe ás veces, boa correa.

Sa fiar te pos estopa, tento na boca; se lan, tento na man; se liño, tento no dedeiro.
S'a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar.
S'a noite de Navidá foi d'escuro, sementa no terrón duro.
S'houbo descortesía, culpa foi do bico d'abaixo e d'arriba.
"S'o millo fose pouco, bota-lo dun saco noutro", dixo a galiña cando falou.
S'o qu'estudia non sabe, o que n'estudia mal pode saber.
S'unha porta se cerra, cen s'abren.
Sábado á noite María toma a roca.
Sabe un a onde chegou e non sabe a onde chegará.
Sabem tódo-lo que bebo e non a sede que teño.
Sacristán que vende cera e non ten o colmeiar, *rapaverum furtaverum* as veliñas do altar.
Santa Marta d'Ortiqeira: a muller que come a nata non pode facer manteiga.
Santiago, co seu canado.
Santos, ó ceo.
Sardiña que o gato leva, aquela gandida vai.
Sarna con gusto non pica.
Saudiña e cante o merlo.
Se Dios quer e hai proporción, en fillos e pitos logo s'un pon.
Se non miro pra a vella, miro pra a guapeza que leva.
Se queres a túa muller morta, dálle samborca
Se queres ó teu home sao, dál'abelao.
Se queres ter bo viño, enxerta de boa cepa.
Se ques a túa muller boa, dálle cerboa.
Se ques andar á carreira, bebe auga d'herba rateira.
Se ques conocer a Periquiño, dál'un mandiño.
Se ques ter bo viño, enxerta e boa cepa.
Se ques vivir moito tempo, faite de mozo vello.
Se sábado chove e domingo ante Misa, pola semana adiante verás que risa.
Se ti t'alabas ¿que dirán os máis?
Se vas pra Deza, que o pan non ch'esqueza, e se vas pra Camba, lévao na manga.
Sea o santo que fore, *ora pro nobis*.
Sementeira na semana de San Román, nin palla nin gran; na de Santa Baia, gran e máis palla.
Si como ladras, roeras, xa che cortaran a bestra.
Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro.
Soldado gallego na guerra hai que velo.
Sóltam'e verás como corro.
Somos gallegos e non nos entendemos.

Tan bonita é a culpa que nadie a quer.
Tan longa foi a romaría, com'o día.
Tanto dá comer, como estar comendo.
Tanto dormir, tanto dormir, pasou o lobo sin o sentir.
Tapa, masa, tapa, méntra-lo zorrolleiro pasa.
Tella d'irexa ouro gotexa.
Témperas d'arriba, auga nin pinga; témperas d'abaixo, chuvias, ou vario.
Tempo contado logo pasa.

Tempos van e tempos veñen: sufran os que males teñen.
Tendo saúde e comendo ben, o traballar non mata a ninguén.
Terra que dá o cardo, pra min a gardo; a que dá o espiño, pra meu veciño.
Terra sin abono acaba con seu dono.
Ti bailaches e eu bailei, ti como sabes e eu como sei.
Tibi ora, tibi ocas, pra ti son as mazarocas.
Tira un a pedra e non sabe ond'irá dar.
Toda carne come o lobo, méno-la súa, que lambe.
Todos son bos e a miña capa n'aparece.
Torcer pra dentro, andar de trencos; torcer pra fora, andar que namora.
Traballar, sin regra, e morrer sin fe.
Trata con cambotes e non che faltarán calotes.
Tres anos de tus-tus, tres anos de bon can i-outros tres de lacazán.
Tres cousas sempre frías están; rodilla d'home, cu de muller e bico de can.
Trigo que n'has de colleitar, deixa de o visitar.
Trono do solano, pouca auga, e se cadra, moito dano.
Tronos en marzo, ou fame, ou mortazo.

Un día pra morrer i-outro pra t'enterrar non ch'a de faltar.

Un grau non fai graneiro, pero axuda ó compañeiro.
Un mata e outro esfolo
Un ovo sin sal set'anos fai mal.
Unha anduriña non fai vrau.
Unha ave, nin canta, nin chora.
Unha na boca, outra na man i-os ollos n'a millor.
Unha por outra n'é pecado.
Unhas e outras botan ó crego de poutas.
Uns erguen a caza e ótro-la matan.
Uns nacen deitados e outros de pé.
Uns tenden as redes e utros collen os peixes.
Urdir e tecer non pode ser.

Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida.

Vacas da Ulla e muller de Bendoiro n'as metas na casa, que ch'é un agoiro.
Vai cos da feira e vén cos do mercado.
Vai o vello morrendo e mais deprendendo.
Váias'a tenda e quede o tendeiro.
Vaise millor de noite ond'a auga róxea que ond'a luns alumea.
Val mais amigo da porta que irmán de trala costa.
Val mais pouca axuda que moita derruba.
Val mais unha chea que sete lambuscas.
Vale mais cair en gracia que ser gracioso.
Vale mais codia dura que pedra mol.
Vale mais corda vacía que ruín comraduría.
Vale máis gran de sobra na moega que muiño en espera.
Vale máis maña que forza.

Vale ms neno contento que pucho de zreixas.
Vale ms nublado d'agosto que sol de setembro.
Vale ms onza de trato que libra de traballo.
Vale ms pouco diario que moito de raro en raro.
Vale ms run compostura que bo pleito.
Vale ms run conocido que bo por conocer.
Vale ms ser arreeiro dun besta, que criado dunha recua.
Vale ms ser pillo que pillado.
Vale ms solo que mal acompaado.
Vale ms solteiro que mal casado.
Vale ms tarde que nunca.
Vale ms ter libros de conta que conta de libros.
Vale ms ter que desear.
Vale ms tunda de pai que cario de amo.
Vale ms vello honrado que mozo desvergonzado.
Van os cans onde n'os chaman e danlles pedradas.
Vello qu'incha e mozo que mirra, pouca vida.
Vento soln, chuvia na man, ou tres das en van.
Vio blanco e muller, o primeiro que vier.
Vio de maio, pouco e malo.
Vio tinto, de Saln e, blanco, de Regodeirn.
Vio, a pasar; auga a fartar.
Vsperas e completas, coas mans nas calcetas.
Viva Dios e coza o forno.

Xan da guedella moito madruga e tarde aparella.
Xastre das Baias cose de balde, e ms pon as lias.
Xente nova toda  boba.
Xiada na lama  chuvia lle fai a cama.
Xunt'o galo, a galia nova, non vella, pra que o galo estea'lerta.
Xusto, xusto, slo Dios.

Zapato burgus, besta d'andadura e amigo crus pouco duran todos tres.